



ASISTENTES:

DIRECTORA XERAL DE RR.LL
 D^a. Pilar Cancela Rodríguez

DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO:

D. Pedro Borrajo Rivas

POLA INSPECCIÓN PROVINCIAL DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL:

D. José M^a. Casas De Ron
 D^a. Verónica Martínez Barbero

POLA REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL:

- D. Angel Fernández Presas
- D. J. Antonio Martínez Fernández
- D. J. Luís Campos Novo
- D. Anselmo Hernández Luján
- D. José Fernández Varela
- D. Manuel Outón Limeres
- D. J. Manuel Cónde Roque
- D. J. Luís Doval Bugallo
- D. José Pampillón Alonso
- D^a. Yolanda Carballo Muñoz
- D^a. Patricia Gamallo Ruibal

POLO COMITÉ DE FOLGA:

- D. Xosé Xoan Melón González (CIG)
- D. Alberto Fernández Campo (CIG)
- D. Xaquín Agulla Gómez (CIG)
- D. Xulio Vicenle González (CIG)
- D. Xosé Bouzas Aboi (CIG)
- D. Francisco Estévez Rodríguez (CC.OO.)
- D. Juan M. Fajardo Recouso (CC.OO.)
- D. Jesús Varela Lodeiro (CC.OO.)
- D. Joaquín Dasilva Meira (CC.OO.)
- D. José Figueroa García (CC.OO.)
- D. José A. Álvarez González (UGT)
- D. José Carlos Rodríguez Del Río (UGT)
- D. Alfonso Veiga Carrera (UGT)
- D. Manuel Golpe Gómez (UGT)

PREACORDO CONVENIO COLECTIVO

En Vigo, na sala de xuntas A do cuarto andar da torre 1 do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, sendo as 17.00 horas do día 11 de outubro de 2007, reúnense as persoas na marxe relacionadas coa finalidade de levar a cabo o acto de mediación con motivo da declaración de folga no "Sector da Construcción", na negociación do convenio colectivo.

As partes chegan o seguinte **PREACORDO**, aos efectos da súa inclusión no convenio colectivo para o Sector da Construcción da provincia de Pontevedra en negociación referida, coas seguinte cláusulas:

1. Vixencia. O convenio terá unha vixencia de tres anos (2007, 2008, 2009), e con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2007.

2. Ascensos. Os traballadores con categoría de peón e con tres anos de antigüidade en dita categoría, ascenderán á categoría de axudante de oficio, sempre que se cumpran os requisitos de formación profesional e a específica en prevención de riscos laborais.

3. Licencias. No artigo correspondente a licencias e permisos, se incorporarán os seguintes puntos:

a) Por nacemento e adopción de fillos: 5 días. En caso de complicación no parto, (cesárea): 8 días.

No suposto de nacemento ou adopción de mais dun fillo: as licencias anteriores serán ampliadas en 3 días mais.

b) Por consulta o médico:

- Especialista: Pola saída e tempo necesaria cun máximo de 5 horas ao día.

- De cabeceira: Ata un máximo de catro saídas anuais, sen que as ausencias poidan superar as 18 horas ao ano.

c) Por traslado a centro médico causados por enfermidade do cónxuxe, fillos e pais que convivan co traballador: 8 horas ao ano. Se o fillo está en idade escolar: 12 horas.

d) As licencias dos apartados b), c) e d) do texto do actual convenio, ampliaranse nun día mais laborable cando no transcurso das mesmas haxa dous ou mais días non laborables.

e) Se a consulta ao médico especialista ten como consecuencia probas médicas que precisen repouso por prescripción facultativa, o traballador terá dereito a un día de

licencia se así se establece por certificado médico.

f) No caso das licencias por enfermidade grave de cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade aplicarase criterios de flexibilidade a petición do traballador.

4. Xubilación Parcial. No caso de discrepancia entre as partes, unha vez efectuada a solicitude polo traballador, remitirase o expediente á comisión paritaria, nos trinta días seguintes, resolvendo esta no prazo dun mes da súa recepción.

(Area de firmas con múltiples manuscritas)

(Manuscritas e selos adicionais na parte dereita)

0/04



5. **Dietas.** Durante a vixencia do convenio estableceranse as seguintes contías en concepto de dietas:

ANO	MEDIA DIETA	DIETA COMPLETA
2007	9 euros	30 euros
2008	9,25 euros	32 euros
2009	9,50 euros	35 euros

6. **Incapacidade Temporal.** O apartado b) do punto 1º. do artigo referido aos complementos de prestación de incapacidade temporal, quedará redactado do seguinte xeito:

- IT derivada de accidente non laboral ou enfermidade común: Nos casos en que sexa necesaria a hospitalización, dende o primeiro día e os 90 días seguintes, sempre que continúe a situación de incapacidade laboral transitoria.
- Elimínase o Punto 2 de dito artigo.

7. **Xornada.** A xornada anual para o ano 2007-2008 será de 1.744 horas e para o ano 2009 de 1.736 horas.

Neste artigo incorporárase no punto 4, o parágrafo seguinte: Opcionalmente, por acordo entre empresa e representantes dos traballadores, poderá pactarse unha xornada intensiva no verán.

8. **Incrementos salariais.** Serán dun 5% cada ano para todas as categorías máis un complemento salarial de posto, no seguintes termos:

NIVEL	COMPLEMENTO 2007	COMPLEMENTO 2008	COMPLEMENTO 2009
II	35 euros	70 euros	105 euros
III-IV	30 euros	60 euros	90 euros
V	25 euros	50 euros	75 euros
VI	20 euros	40 euros	60 euros
VII	15 euros	30 euros	45 euros
VIII	12 euros	24 euros	36 euros
IX	8 euros	16 euros	24 euros
X	4 euros	8 euros	12 euros

9. **Revisión Salarial.**

Ano 2007 – Revisión Salarial operará a partir do 2.7% de IPC

Ano 2008 – Revisión Salarial operará a partir do 2.6% de IPC

Ano 2009 - Revisión Salarial operará a partir do 2.5% de IPC

10. **Plus Extrasalarial**

2007	2008	2009
85 euros	85 euros	85 euros

11. **Estabilidade no emprego.** Fíxase unha porcentaxe de contratos fixos do 25% a partir do 1 de xaneiro do 2008, e do 35% a partir do 1 de xaneiro do 2009, como compromiso de emprego estable.

12. **Locomoción.** Nos casos de desprazamento do artigo 32.4 do convenio provincial, o tempo establecido será de 50 minutos en lugar dunha hora.

0/04

Handwritten signatures and initials are present throughout the document, including:

- Top left: A large signature.
- Top center: A signature.
- Top right: A signature with "C.O.O." written below it.
- Left margin: Several vertical signatures.
- Right margin: A signature with "C.O.O." written vertically.
- Bottom center: A signature with "UGT" written below it.
- Bottom right: A signature with "C16" written vertically.
- Bottom left: A signature with "C16" written vertically.
- Bottom center: A signature with "C16" written vertically.
- Bottom right: A signature with "C16" written vertically.



[Handwritten signature]
P. D.

Nas materias non reguladas neste convenio provincial, as partes asinantes neste acordo, asumen o contido e aplicación dos seguintes acordos previstos no convenio xeral da construción 2007-2011:

- 1.- Lei Subcontratación (Estabilidade no emprego)
- 2.- Indemnización fin de contrato ao 7% para todos.
- 3.- Elaboración clasificación profesional.
- 4.- Ascensos - según artigo 42.
- 5.- Xornada - 8 horas de rebaixa no 2009.
- 6.- Indemnización por falecemento e invalidez.
- 7.- Complemento de IT por hospitalización.
- 8.- Permisos e Licencias.
- 9.- Prevención de Riscos Laborais.
- 10.- Tarxeta Profesional.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
CCO

O presente preacordo porá fin ó conflito colectivo, desconvocándose a folga seguida dende o día 02.10.07 convocada para as empresas incluídas no ámbito de aplicación do convenio colectivo do sector da construción para a provincia de Pontevedra, unha vez sexa ratificado nas correspondentes asembleas de traballadores. Firmando, en proba de conformidade, os arriba relacionados sendo as 02.30 horas do día 12.10.07, asinando a presente acta todos os asistentes.



[Handwritten signature]
CIG

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
Julio V6 CIG

[Handwritten signature]
V6

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
CCO

[Handwritten signature]
CIG

[Handwritten signature]
Jose CCO

[Handwritten signature]
CIG

[Handwritten signature]